

Poboación

A 01.01.2017, os datos facilitados polo INE indican que a poboación de Galicia era de 2.710.607 persoas, o que supón no conxunto do ano 2016 un descenso de poboación de -9.495 persoas (un -0,3%). Este descenso é menor ao rexistrado no 2015 (un 0,5%) o que supón que a diminución de poboación produciuse a menor ritmo no pasado ano. Un ano máis, a causa principal reside no valor negativo do saldo vexetativo (nacementos - defuncións) que é, con -12.683 persoas, o terceiro dato máis negativo de España en relación coa poboación de cada Comunidade (só por diante de Asturias e Castela-León) e, aínda que en menor medida, no saldo migratorio interior. Por súa banda, a migración exterior volveu a amosar por terceiro ano consecutivo un valor positivo, en liña co rexistrado no conxunto do Estado. O saldo total do descenso de poboación en Galicia no 2016 sitúa a Galicia como a quinta Comunidade Autónoma que máis poboación perde en relación co seu número de habitantes.

Poboación de Galicia e España a 1 de xaneiro de 2017

	Poboación a 1 de xaneiro de 2017(*)	Poboación a 1 de xaneiro de 2016	Saldo ano 2016			
			Vexetativo	Migratorio exterior	Migratorio interior	Saldo total
Galicia	2.710.607	2.720.102	-12.683	4.772	-1.585	-9.496
España	46.528.966	46.440.099	-259	89.126	0	88.867

Fonte: INE / (*) Datos provisionais

Produto interior bruto

O PIB galego incrementouse no primeiro trimestre de 2017 en 0,6 décimas (0,8 en España), o que leva a un incremento interanual dun 3,1%, superando en unha décima a media estatal. Tanto en Galicia como no conxunto de España, o PIB mantense estable en valores entre o 3,0% e o 3,3% en cómputo interanual nos últimos tres trimestres, se ben a tendencia no período mencionado é lixeiramente descendente, tal e como se aprecia no gráfico.

O dato adiantado para o PIB estatal no 2º trimestre de 2017 (crecemento do 0,9 e o 3,1 interanual) apunta a un mantemento da tendencia antes sinalada.


Variación interanual porcentual del PIB (Índices de volumen encadenados, referencia año 2010=100. Datos corregidos de estacionalidad y calendario) Galicia-España 2012-2017 (*)

	% (T/T-4)	2012	2013	2014	2015	2016	1T14	2T14	3T14	4T14	1T15	2T15	3T15	4T15	1T16	2T16	3T16	4T16	1T17
Galicia		-3,2	-0,4	1,1	2,1	3,1	1,0	0,8	1,2	1,3	1,6	2,1	2,2	2,6	2,9	3	3,3	3,2	3,1
España		-2,9	-1,7	1,4	3,2	3,2	0,6	1,0	1,7	2,2	2,7	3,1	3,4	3,6	3,4	3,4	3,2	3	3

Fuentes: INE (Contabilidad Nacional Trimestral), IGE

(*) os valores anuais para o PIB estatal para os anos 2011-2014 fueron recalculados en septiembre de 2015 (ver nota de prensa INE do 15.09.2015) rexistrándose valores inferiores aos calculados previamente en os anos 2011 a 2013

Variación porcentual trimestral do PIB (Índices de volume encadeados, referencia ano 2010=100. Taxas de variación interanual corrixidas de estacionalidade e calendario) Galicia- España, 2012-2016



Poboación activa, contratación, paro rexistrado e afiliación á Seguridade Social

Segundo a Enquisa de Poboación Activa (EPA) do segundo trimestre, a poboación activa de Galicia se diminuíu en 400 persoas respecto ao primeiro trimestre de mentres que en España aumentou un 0,15%. En ambos casos, produciuse unha diminución da poboación activa superior ao -0,5% respecto da situación do segundo trimestre de 2016. No que se refire á ocupación, tanto en Galicia como no conxunto do Estado medrou neste trimestre; en Galicia o fixo en 15.300 persoas, o que supón un incremento do 1,5%, inferior ao do Estado, onde superou moi lixeiramente o 2%. En termos interanuais, o incremento da ocupación foi tamén inferior ao rexistrado a nivel estatal (incremento do 1,4% en Galicia fronte a 2,8% rexistrado en España nos últimos 12 meses). A taxa de ocupación galega, pola súa banda, acadou o 44,8%, un incremento de 0,8 puntos porcentuais a do trimestre anterior, e en idéntico porcentaxe ao do segundo trimestre de 2016. Para rematar co análise da EPA do segundo trimestre, a diminución do paro en Galicia foi de -15.700 persoas respecto ao trimestre pasado, (descenso dun -7,2%), e de -21.500 nos últimos doce meses (un -9,6% menos). Con estes valores, a taxa de paro fica no 16,1%, inferior en 1,1 puntos porcentuais ao da media española (o 17,2%), co cal prosegue a tendencia á baixa desta variable observada en trimestres anteriores.

No relativo á contratación, no segundo trimestre do ano asináronse 265.299 contratos novos en Galicia, que supoñen un 26,6% máis respecto dos asinados no primeiro trimestre, e un incremento dun 11,6% en novos contratos asinados se comparamos co segundo trimestre de 2016. Por sectores de actividade, e no

que atinxe á comparación cos tres primeiros meses do ano, hai que sinalar que, se ben produciuse incremento da contratación en todos os sectores, o sector servizos foi o protagonista do crecemento da contratación neste trimestre (máis dun 30% de novos contratos respecto ao trimestre anterior, mentres que o resto de sectores fica moi lonxe de incrementarse no 10%) e, en termos absolutos, o 97% do incremento en novos contratos asinados produciuse no sector servizos. Porén, se tomamos como referencia o segundo trimestre do ano anterior, esta análise vese modificada, pois neste caso o mellor comportamento corresponde ao sector industrial (cun incremento do 16% de novos contratos asinados) seguido do sector agrícola-pesqueiro, onde os contratos asinados no segundo trimestre do ano superan nun 15% aos do mesmo período do ano 2016. A construción mellora o seu comportamento de pasados trimestres, volviendo a presentar incremento da contratación. Respecto do tipo de contrato asinado, tanto os contratos indefinidos como os temporais incrementáronse en cotas que superan o 12% en termos interanuais. Porén, con respecto ao trimestre pasado, os contratos temporais aumentan en máis dun 30%, mentres os indefinidos diminúen un -2,9%.

En cada mes do segundo trimestre do ano rexistráronse diminucións do paro rexistrado en Galicia. Porén, a redución porcentual interanual do paro rexistrado faise menos intensa a medida que avanza o trimestre, a pesar de que o mes de xuño é o de maior redución do paro en termos absolutos. O análise dos principais parámetros dinos que a redución do paro, sempre en variación interanual, é máis intensa entre os homes que entre as mulleres (ao redor de 5 puntos porcentuais máis de redución en cada mes do trimestre) Por rangos de idade, a redución do paro é marcadamente menos intensa para os traballadores de 45 anos ou máis. No que respecta aos distintos sectores de actividade, a diminución é máis intensa no sector da construción con porcentaxes de diminución que rondan os tres meses o -20%, seguido da industria (diminucións entre o -12% e o -13%) e o sector primario. Nos sector servizos e o grupo de persoas sen emprego anterior a redución, aínda que menos intensa, supera o -5% en todos os meses

Os datos da Tesourería Xeral da Seguridade Social para o segundo trimestre do ano revelan un período de crecemento constante e apreciablemente máis intenso que o rexistrado en trimestres anteriores, especialmente no que se refire ao crecemento da afiliación nos últimos 12 meses, con incrementos medios da afiliación que estiveron preto do 2,3% en Galicia, e sobre o 3,8% en España en cómputo interanual (por riba do 0,7% en Galicia e do 0,9% en España respecto do trimestre anterior). A desaceleración na afiliación que se aprecia no mes de xuño en España non se viu reflectida en Galicia, onde xuño foi o mes con valores máis positivos neste parámetro.

Valores Poboación Activa Galicia-España, 2º Trimestre 2017

	Trimestre actual	Variación trimestre anterior		Variación mesmo trimestre ano anterior	
		Diferencia	Porcentaxe	Diferencia	Porcentaxe
Galicia	1.250,3	-0,4	0,0	-6,6	-0,5
España	22.727,6	34,3	0,2	-148,0	-0,7

Fonte: Encuesta de Población Activa - INE (datos en miles)

Paro rexistrado en Galicia por xénero e idade. 2º Trimestre 2017

2T 2017	Mes actual			variación mes anterior			%variación mes anterior			variación mes ano anterior			%variación mes ano anterior		
	abril	maio	xuño	abril	maio	xuño	abril	maio	xuño	abril	maio	xuño	abril	maio	xuño
TOTAL	204.629	199.638	189.665	-5.427	-4.991	-9.973	-2,6%	-2,4%	-5,0%	-23.524	-20.826	-17.655	-10,3%	-9,5%	-8,5%
Homes	90.807	88.000	82.940	-3.243	-2.807	-5.060	-3,5%	-3,1%	-5,8%	-13.607	-12.142	-11.248	-13,0%	-12,1%	-11,9%
Mulleres	113.822	111.638	106.725	-2.184	-2.184	-4.913	-1,9%	-1,9%	-4,4%	-9.917	-8.684	-6.407	-8,0%	-7,2%	-5,7%
<30 anos	26.840	26.248	23.810	-1.054	-592	-2.438	-3,8%	-2,2%	-9,3%	-5.029	-3.771	-2.820	-15,8%	-12,6%	-10,6%
entre 30 e 44 anos	73.062	70.422	66.048	-2.453	-2.640	-4.374	-3,3%	-3,6%	-6,2%	-11.185	-10.224	-8.881	-13,3%	-12,7%	-11,9%
>44 anos	104.727	102.968	99.807	-1.920	-1.759	-3.161	-1,8%	-1,7%	-3,1%	-7.310	-6.831	-5.954	-6,5%	-6,2%	-5,6%
Agricultura e Pesca	7.521	7.386	7.078	-272	-135	-308	-3,5%	-1,8%	-4,2%	-998	-879	-715	-11,7%	-10,6%	-9,2%
Industria	23.723	23.108	22.014	-626	-615	-1.094	-2,6%	-2,6%	-4,7%	-3.505	-3.334	-2.946	-12,9%	-12,6%	-11,8%
Construción	21.579	20.460	19.269	-774	-1.119	-1.191	-3,5%	-5,2%	-5,8%	-5.296	-5.198	-4.853	-19,7%	-20,3%	-20,1%
Servizos	134.720	131.594	124.854	-3.784	-3.126	-6.740	-2,7%	-2,3%	-5,1%	-12.195	-10.228	-8.239	-8,3%	-7,2%	-6,2%
Sen emprego anterior	17.086	17.090	16.450	29	4	-640	0,2%	0,0%	-3,7%	-1.530	-1.187	-902	-8,2%	-6,5%	-5,2%

Fonte: Boletín mensual de paro registrado, Consellería de Economía, Emprego e Industria, Xunta de Galicia

Datos de contratación en Galicia por xénero, idade, tipo de contrato e sector. 2º Trimestre 2017

2º Trimestre 2017	Trimestre actual	Var. trimestre anterior	%Var. trimestre anterior	Var. trimestre ano anterior	%Var. trimestre ano anterior
	TOTAL	265.299	55.699	26,6%	27.498
Homes	140.559	31.253	28,6%	15.186	12,1%
Mulleres	124.740	24.446	24,4%	12.312	11,0%
<30 anos	86.872	22.211	34,3%	11.175	14,8%
entre 30 e 44 anos	114.861	19.967	21,0%	6.380	5,9%
>44 anos	63.566	13.521	27,0%	9.943	18,5%
Indefinido	20.170	-613	-2,9%	2.284	12,8%
Temporal	239.948	54.855	29,6%	26.352	12,3%
Prácticas / Formación	1.911	150	8,5%	-168	-8,1%
Otros	3.270	1.307	66,6%	-970	-22,9%
Agricultura e Pesca	6.908	520	8,1%	900	15,0%
Industria	38.537	917	2,4%	5.312	16,0%
Construción	12.113	250	2,1%	471	4,0%
Servizos	207.741	54.012	35,1%	20.815	11,1%

Fonte: Boletín Mensual de Contratación, Consellería de Economía, Emprego e Industria

Datos de afiliación á Seguridade Social. Galicia-España, 2º Trim. 2017

	Afiliacións media 2º Trim 2017			Variacións											
				mes anterior						interanual					
	abril	maio	xuño	absoluta	absoluta	absoluta	relativa	relativa	relativa	absoluta	absoluta	absoluta	relativa	relativa	relativa
Galicia	964.468	971.304	979.878	5.334	6.836	8.574	0,56%	0,71%	0,88%	21.112	22.128	21.950	2,24%	2,33%	2,29%
España	18.122.222	18.346.414	18.433.107	212.215	224.192	86.693	1,18%	1,24%	0,47%	658.386	684.574	672.836	3,77%	3,88%	3,79%

Fonte: IGE Informe de afiliación á Seguridade Social (segundo datos do Ministerio de Emprego e Seguridade Social)

A sinistralidade laboral mantén e mesmo acelera no 2017 a tendencia ó alza observada no primeiro trimestre de 2016, ao aumentar o número de accidentes laborais con baixa en xornada de traballo nun 2,2%. Porén, analizando separadamente os accidentes laborais en función da súa gravidade apréciase que mentres os accidentes leves se incrementaron, os graves e mortais reducíronse de xeito importante (nun -28,5% e un -33,3%, respectivamente).

O análise por sectores amosa que os accidentes diminuíron no sector pesqueiro e na construción (en ambos casos por debaixo dun -5%) e incrementáronse no resto; lixeiramente no sector servizos e de xeito maior na industria (6,1% máis) e na agricultura (11,6% máis) Os accidentes graves diminuíron en todos os sectores (máis dun 30% na pesca, construción e servizos) Os accidentes mortais aumentaron na agricultura e na construción e reducíronse na industria e, sobre todo, na pesca, onde non se rexistraron accidentes mortais neste trimestre

No que respecta aos índices de incidencia amósase que, aínda que o índice se incrementa lixeiramente nos accidentes leves, o descenso rexistrado tanto nos accidentes graves como nos mortais fai que o índice total diminúa no 1º trimestre, aínda que de xeito moi pequeno. Por sectores, destaca o incremento rexistrado neste trimestre no sector agrícola, e, en menor medida, na industria. A pesca é o sector onde o índice de incidencia diminuíu máis notablemente.

Accidentes laborais con baixa en xornada de traballo por sectores de actividade e gravidade. Galicia, 1º Trimestre 2016-2017

	Leves			Graves			Mortales			Totales		
	2016	2017	% Var	2016	2017	% Var	2016	2017	% Var	2016	2017	% Var
Agricultura	254	285	12,2	13	12	-7,7	1	2	100,0	268	299	11,6
Pesca	261	250	-4,2	14	9	-35,7	5	0	-100,0	280	259	-7,5
Industria	1.787	1.904	6,5	26	21	-19,2	3	1	-66,7	1.816	1.926	6,1
Construcción	698	688	-1,4	25	17	-32,0	1	3	200,0	724	708	-2,2
Servicios	3.126	3.173	1,5	45	29	-35,6	2	2	0,0	3.173	3.204	1,0
Total	6.126	6.300	2,8	123	88	-28,5	12	8	-33,3	6.261	6.396	2,2

Fonte: Consellería de Economía, Emprego e Industria. ISSGA.

Índices de incidencia por sectores de actividade en Galicia (1º Trimestre 2016-2017)

	Leves			Graves			Mortales			Totales		
	2016	2017	% Var	2016	2017	% Var	2016	2017	% Var	2016	2017	% Var
Agricultura	791,5	918,4	16,0	40,5	38,7	-4,5	3,1	6,4	106,4	835,1	963,5	15,4
Pesca	1408,3	1348,8	-4,2	75,5	48,6	-35,7	27,0	0,0	-100,0	1510,8	1397,4	-7,5
Industria	1468,0	1526,0	3,9	21,4	16,8	-21,2	2,5	0,8	-67,5	1491,8	1543,6	3,5
Construcción	1462,2	1441,5	-1,4	52,4	35,6	-32,0	2,1	6,3	201,0	1516,7	1483,4	-2,2
Servicios	572,2	564,3	-1,4	8,2	5,2	-37,4	0,4	0,4	-2,7	580,8	569,9	-1,9
Total	799,3	803,2	0,5	16,1	11,2	-30,1	1,6	1,0	-35,0	816,9	815,5	-0,2

Fonte: Consellería de Economía, Emprego e Industria. ISSGA.

Conflitividade laboral

Segundo os datos provisionais facilitados polo Ministerio de Emprego e Seguridade Social para os catro primeiros meses do ano, en Galicia leváronse a cabo 32 folgas, o que supón un aumento dun 39,1% fronte as do mesmo período do ano 2016, incremento que tamén tivo lugar no conxunto do Estado, aínda que con menor intensidade (un 18,3% máis). Pola contra, a repercusión destes conflitos en función das persoas traballadoras que participaron neles reduciuse en gran medida Galicia (-17,2%), mentres no Estado o número de participantes en folgas se incrementaba no mesmo período nun 0,4%. Por último, sinalar que as xornadas non traballadas con motivo de folga aumentaron en Galicia de xeito moi notable (un 67,8%) e reducíronse no conxunto de España un 22,7%. En resumo: aumenta a conflitividade laboral en Galicia no que vai en 2017 no referido a número de folgas e xornadas non traballadas, despois de dous anos nos que viña de descender de xeito continuado.

Folgas realizadas, traballadores participantes e xornadas non traballadas Galicia-España Xaneiro-Abril 2017

	Folgas		Traballadores participantes		Xornadas non traballadas	
	Valores absolutos	Variación sobre o mesmo período do ano anterior	Valores absolutos	Variación sobre o mesmo período do ano anterior	Valores absolutos	Variación sobre o mesmo período do ano anterior
Galicia	32	9	4.054	-841	6.442	2.604
España	272	42	53.036	230	95.571	-27.999

Estatística de huelgas y cierres patronales. Ministerio de Emprego e Seguridade Social.

(datos provisionais)

Datos de expedientes de regulación de emprego

Tras pechar os datos dos Expedientes de Regulación de Emprego en Galicia nos cinco primeiros meses de 2017, apréciase unha diminución importante no conxunto dos expedientes tramitados (101 fronte a 250 no período de referencia do ano pasado, un descenso dun -59,6%). Este descenso non afecta a todos os tipos de medida, xa que os expedientes por despedimentos colectivos aumentaron nun 12,5% respecto a 2016. Porén, os de redución de xornada diminuíron notablemente (-46,7%) nestes cinco primeiros meses do ano e aínda máis o fixeron os relacionados con suspensión de contratos, onde a redución de expedientes superou o -70% no mesmo período. Se nos fixamos nos sectores de actividade afectados vemos que en todos os sectores se apreciou unha redución de expedientes, desde máis dun 90% na pesca ou case á metade na construción (-47,4%) a diminucións comparativamente máis modestas pero tamén moi importantes no sectores servizos e industrial.

Se nos fixamos no número de persoas traballadoras afectadas por expedientes de regulación de emprego tamén se aprecia unha redución. De feito, a redución total entre traballadores e traballadoras e aínda maior que no número de expedientes, pois a redución acada o -64,7% respecto ao mesmo período de tempo do ano 2016. Hai que sinalar que a redución afecta a todos os tipos de expediente. sendo superior entre os traballadores homes (-70,9) que entre as mulleres (-48,6), se ben, en termos absolutos, houbo máis traballadores homes afectados por estes expedientes.

Expedientes de regulación de emprego segundo a medida e o sector de actividade. Galicia, Xaneiro-Maio 2017

	Despedimentos colectivos			Suspensións de contratos			Reducións de xornada			Totais		
	2016	2017	%Var.	2016	2017	%Var.	2016	2017	%Var.	2016	2017	%Var.
Agricultura	0	0	0,0%	0	0	0,0%	0	0	0,0%	0	0	-----
Pesca	0	2	0,0%	126	10	-92,1%	0	0	0,0%	126	12	-90,5%
Industria	4	7	75,0%	16	13	-18,8%	12	8	-33,3%	32	28	-12,5%
Construcción	2	1	-50,0%	13	7	-46,2%	4	2	100,0%	19	10	-47,4%
Servizos	10	8	-20,0%	19	21	10,5%	44	22	-50,0%	73	51	-30,1%
TOTAL	16	18	12,5%	174	51	-70,7%	60	32	-46,7%	250	101	-59,6%

Fonte: Consellería de Economía, Emprego e Industria. Secretaría Xeral de Emprego

A *Encuesta Trimestral de Coste Laboral* do INE para o primeiro trimestre de 2017 indica que o valor medio do custo salarial por persoa traballadora e mes foi de 2.203,1€ no trimestre (un aumento interanual dun 0,3%. Respecto dos custos salariais, o seu valor medio por persoa traballadora e mes no primeiro trimestre do ano en Galicia foi de 1.610,2 € (un incremento interanual do 0,9% que supón a volta a valores positivos neste parámetro tras o descenso rexistrado no trimestre anterior)

No relativo aos custos por hora efectiva, no 1º trimestre de 2017 rexistrouse un descenso notable en cómputo interanual tanto no custo laboral por hora efectiva (-4,2%) como no custo salarial por hora efectiva (-3,6%). O feito de que Semana Santa non se celebre no primeiro trimestre este ano, a diferenza do acontecido o ano 2016, implica máis horas efectivas no trimestre, o cal reduce o valor dos custos por hora efectiva.

Custos laborais e salariais. Galicia. 2012-2017

	Custo laboral por persoa traballadora		Custo laboral por hora efectiva		Custo salarial por persoa traballadora		Custo salarial por hora efectiva	
	Euros	%var. int.	Euros	%var. int.	Euros	%var. int.	Euros	%var. int.
2012	2.206,2	-2,6	-----	-----	1.618,1	-3,1	-----	-----
2013	2.260,2	2,4	-----	-----	1.656,0	2,3	-----	-----
2014	2.261,4	0,0	-----	-----	1.654,0	0,0	-----	-----
2015	2.246,2	-0,7	17,2	0,3	1.649,0	-0,3	12,6	0,8
2016	2.248,3	0,1	17,4	1,3	1.655,0	0,4	12,8	1,5
1T15	2.175,0	0,2	16,1	1,8	1.582,0	0,6	11,7	2,4
2T15	2.249,0	-2,1	16,7	-2,2	1.635,8	-2,2	12,2	-2,2
3T15	2.196,2	-0,4	17,5	-0,2	1.601,9	0,0	12,8	0,2
4T15	2.370,6	-0,3	18,3	1,9	1.775,8	0,4	13,7	2,7
1T16	2.203,1	1,3	16,8	4,3	1.596,2	0,9	12,2	3,7
2T16	2.232,7	-0,5	16,4	-1,9	1.640,6	0,3	12,0	-1,2
3T16	2.213,6	0,8	18,0	2,7	1.624,0	1,4	13,2	3,3
4T16	2.343,7	-1,4	18,3	-0,1	1.759,1	-0,9	13,8	0,1
1T17	2.209,8	0,3	16,1	-4,2	1.610,0	0,9	11,7	-3,6

Fonte: INE (*Encuesta trimestral de coste laboral*)

Sociedades constituídas, disoltas e ampliacións de capital

No segundo trimestre de 2017 constituíronse 1.074 sociedades mercantís, dato que supón un descenso superior ao 20% no número de sociedades constituídas no 1º trimestre, e un incremento lixeiro (o 2%) respecto ao 2º trimestre de 2016. O capital co que estas sociedades foron constituídas, pola contra, supón un incremento substancial tanto con respecto ao 1º trimestre (case o 40% máis) como respecto ao mesmo período do ano anterior, con máis dun 190% de incremento. O número de sociedades que ampliaron capital reduciuse dun xeito importante respecto ao 1º trimestre (máis dun 75% en número de sociedades que ampliaron capital, e cerca dun -70% na cantidade de capital ampliada). Tamén apréciase un descenso respecto ao segundo trimestre de 2016, se ben menos acusado.

Sociedades mercantís creadas ou que amplían capital, 2º Trimestre 2017

	Dato do trimestre		Var. absoluta núm. sociedades constituídas respecto ao trimestre pasado	% variación de capital respecto ao trimestre pasado	Var. absoluta núm. sociedades respecto mesmo trimestre do ano pasado	% variación de capital respecto ao mesmo trimestre do ano pasado
	Núm. sociedades	Capital (miles €)				
Sociedades constituídas	1.074	156.182,5	-220	39,6%	21	190,2%
Sociedades que ampliaron capital	293	80.546,1	-126	-68,8%	-17	-15,8%

Fonte: IGE, a partir de datos do Boletín Oficial do Rexistro Mercantil (BORME)

Sociedades mercantís disoltas ou que reducen capital, 2º Trimestre 2017

	2T17	1T17	2T16
Sociedades disoltas	261	615	293
Sociedades que reducion capital	38	104	68
Sociedades en situación concursal	59	77	87

Fonte: IGE, a partir de datos do Boletín Oficial do Rexistro Mercantil (BORME)

Máis positivo resulta o dato de disolución de sociedades mercantís, posto que se rexistraron 354 disolucións de sociedades menos que no trimestre anterior e 32 menos que no segundo trimestre de 2016, tendencia que se mantén no tocante ás sociedades que reducion capital (-23,4% e -32,2%, respectivamente). Como feito a destacar, mencionar que no mes de xuño ningunha sociedade mercantil galega reduciu o seu capital.

Tamén se rexistraron dez procesos de escisión de empresas, oito de fusión e 59 entraron en situación concursal (18 máis que no trimestre anterior, pero 28 menos que no 2º trimestre de 2016)

Actividade do Consello Galego de Relacións Laborais

Durante o primeiro semestre de 2017 rexistráronse 55 solicitudes de mediación e arbitraje ao abeiro do AGA no primeiro semestre, e manténdose a porcentaxe de acordos acadados por riba do 70% das mediacións e arbitaxes que tiveron lugar. Tamén no eido da negociación colectiva proseguíu a actividade do Consello, con xuntanzas na procura de sinatura de diversos convenios colectivos de sector. Neste período, entre as mesas de negociación que tiveron lugar no Consello produciuse a sinatura do Convenio colectivo autonómico de Perruquerías e Beleza e o de Hostalería da provincia da Coruña.

En canto a súa función consultiva, a 30 de xuño a Comisión de ditames informou sobre 23 proxectos de orde no eido laboral, remitidos para o seu ditame desde a Consellería de Economía, Emprego e Industria.

Noutros aspectos salientables da actividade neste trimestre, hai que destacar a publicación da Memoria de actividades do Consello correspondente ao ano 2016, así como o Informe de Negociación Colectiva correspondente ao ano 2015.

Para rematar, sinalar que neste trimestre tense producido o relevo na presidencia do Consello Galego de Relacións Laborais, que pasa a estar ocupada por Verónica Martínez Barbero

Pode consultar máis información específica da situación da negociación colectiva galega no Boletín da Negociación Colectiva do Consello: http://cgrl.xunta.es/g_necol2.html

Consello Galego de Relacións Laborais

http://cgrl.xunta.es/g_soclab.html

